



BOP

LUNS, 4 DE XUÑO DE 2018

N.º 126

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Resolución do 20 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta, do 19 de abril de 2018, polo que se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia con diversos aproveitamentos forestais, do proxecto de modificación do parque eólico Montes de Abella, sito nos concellos de Láncara e Triacastela (Lugo) e promovido por Inveróllica de Abella, S.L. (expediente 103-EOL).

En cumprimento do disposto no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, faise público o Acordo do Consello da Xunta, do 19 de abril de 2018, polo que se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia con diversos aproveitamentos forestais, do proxecto de modificación do parque eólico Montes de Abella, sito nos concellos de Láncara e Triacastela (Lugo) e promovido por Inveróllica de Abella, S.L. (expediente 103-EOL).

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018.- O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta, do 19 de abril de 2018, polo que se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia con diversos aproveitamentos forestais, do proxecto de modificación do parque eólico Montes de Abella, sito nos concellos de Láncara e Triacastela (Lugo) e promovido por Inveróllica de Abella, S.L. (expediente 103-EOL).

Examinado o expediente iniciado por solicitude de Inveróllica de Abella, S.L. en relación coa declaración de utilidade pública do proxecto de modificación do parque eólico Montes de Abella (en adiante o parque eólico modificado), constan os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Por Resolución do 20 de xullo de 2005, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, autorizáronse as instalacións electromecánicas, aprobouse o proxecto de execución e incluíuse no réxime especial de produción de enerxía eléctrica o proxecto parque eólico Montes de Abella 1ª fase (DOG núm.172, do 7 de setembro).

Segundo. Mediante Resolución do 28 de setembro de 2011, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, autorizáronse as instalacións electromecánicas, aprobouse o proxecto de execución e recoñeceuse a condición de instalación acollida ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica da 2ª fase do dito proxecto (DOG. núm. 229, do 30 de novembro).

Terceiro. Por Resolución do 15 de marzo de 2012, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, ordenouse a publicación no Diario Oficial de Galicia, do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de febreiro de 2012 polo que se aprobou definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado parque eólico Montes de Abella, así como as disposicións normativas contidas no mencionado proxecto (DOG. núm. 91, do 14 de maio).

Cuarto. Mediante Resolución do 29 de outubro de 2012, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, autorizouse a Invertaresa, S.L. a transmisión dos dereitos e obrigas derivados das autorizacións outorgadas para o proxecto do parque eólico Montes de Abella, nos concellos de Triacastela, Samos e Láncara (Lugo), a favor de Inveróllica de Abella, S.L. (en adiante *o promotor*).

Quinto. O 06.11.2015, o promotor solicitou a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución, a aprobación do proxecto sectorial e a declaración de utilidade pública para o parque eólico modificado.

Sexto. O 22.12.2016, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo (en adiante, a xefatura territorial) emitiu informe sobre os dereitos mineiros existentes na área definida pola poligonal

do parque eólico modificado. De acordo co citado informe, non existe ningún dereito mineiro outorgado no espazo proxectado para o parque eólico modificado, só existe a solicitude de permiso de exploración *Triacastela nº 6055*.

Sétimo. Por Resolución do 10 de febreiro de 2017, da xefatura territorial, someteuse a información pública a solicitude de autorización administrativa, a declaración de utilidade pública, a aprobación do proxecto de execución, do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e do estudo de impacto ambiental referidos ao proxecto do parque eólico modificado.

A dita resolución publicouse no Diario Oficial de Galicia do 10.03.2017, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 27.02.2017 e no xornal *La Voz de Galicia* do 02.03.2017. Así mesmo, permaneceu exposta ao público nos taboleiros de anuncios dos concellos afectados (Triacastela e Láncara), da xefatura territorial, e da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de Lugo, que emitiron os correspondentes certificados de exposición pública.

A continuación resúmese o contido das alegacións presentadas durante o período de información pública, recollidas no Anexo desta resolución:

- Solicitude de modificación do trazado dun vial de acceso.
- Solicitude de denegación da declaración de utilidade pública.
- Existencia de erros na Relación de Bens e Dereitos Afectados, maioritariamente en relación coa titularidade das parcelas, coas superficies afectadas, coa clasificación do solo e co tipo de aproveitamento.

Oitavo. O 28.06.2017, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas solicitou informe ao que fai referencia o artigo 45 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, modificada pola Lei 4/2014, do 8 de maio, á Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal. O 11.08.2017, a Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal remitiu o informe do Servizo de Montes Veciñais e Estruturas Forestais do 18.07.2017.

Noveno. O 27.11.2017, Inveróllica de Abella, S.L. presentou no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia un escrito no que solicitou a tramitación do proxecto Montes de Abella modificado conforme á disposición transitoria terceira da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Décimo. O 21.12.2017, o Consello da Xunta de Galicia declarou de interese especial o proxecto do parque eólico Montes de Abella, consonte a disposición adicional primeira da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Décimo primeiro. Por Resolución do 22 de decembro de 2017, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, outorgáronse as autorizacións administrativas previa e de construción ás instalacións relativas ao proxecto de modificación do parque eólico Montes de Abella, sito nos concellos de Láncara e Triacastela (Lugo) e promovido por Inveróllica de Abella, S.L. (DOG núm. 27, do 7 de febreiro).

Décimo segundo. O 19.01.2018, esta dirección xeral solicitoulle á Dirección Xeral de Ordenación Forestal o informe de aproveitamentos de masas forestais no marco do establecido no artigo 45 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Décimo terceiro. O 29.01.2018, en aplicación do disposto no apartado 3 do artigo 45 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas acordou a apertura do trámite de audiencia outorgándolles aos titulares dos aproveitamentos forestais afectados un prazo de 15 días para que alegasen e presentasen os documentos e xustificacións que estimasen oportunos.

Décimo cuarto. O 05.02.2018, a comunidade MVMC Santa María do Monte recibiu a notificación relativa ao trámite de audiencia e non presentou ningunha alegación no prazo outorgado.

Décimo quinto. O 05.02.2018, a comunidade MVMC Furco recibiu a notificación relativa ao trámite de audiencia e non presentou ningunha alegación no prazo outorgado.

Décimo sexto. O 05.02.2018, a comunidade MVMC San Pedro recibiu a notificación relativa ao trámite de audiencia e non presentou ningunha alegación no prazo outorgado.

Décimo sétimo. O 14.02.2018, a comunidade MVMC Rapadas - Meda recibiu a notificación relativa ao trámite de audiencia e non presentou ningunha alegación no prazo outorgado.

Décimo oitavo. O 15.02.2018, Amalia López Carballo, Jesús Arias Pérez, Germán López Souto, Jose Manuel Rodríguez Núñez, Pedro López López e Ramón Arias Sánchez presentaron alegacións en relación coa titularidade de varias parcelas afectadas polas instalacións do parque eólico modificado.

Décimo noveno. O 23.03.2018, a Dirección Xeral de Ordenación Forestal informou, no marco do establecido no artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, que non existe obxección á declaración de prevalencia da utilidade pública do parque eólico modificado sobre o interese xeral dos montes veciñais en mano común.

Aos antecedentes de feito descritos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O Consello da Xunta de Galicia é competente para resolver este procedemento con fundamento no artigo 45.6 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Segundo. No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites de procedemento establecidos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 4/2014, do 8 de maio, e pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, consonte á disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e demais normas vixentes de aplicación.

Terceiro. En relación coas alegacións presentadas durante a tramitación do expediente, visto o seu contido e as respostas efectuadas polo promotor, cómpre manifestar o seguinte:

1. No que respecta á alegación relativa á modificación do trazado da servidume afectada, considérase o apartado 3 do artigo 153 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica. En dito apartado ponse de manifesto a necesidade de acreditar na solicitude de variación do trazado a conformidade previa dos novos propietarios por dita variación, debidamente documentada, así como o compromiso formal de sufragar tódolos gastos que ocasione a súa realización.

2. No que respecta á solicitude de denegación de utilidade pública, o promotor manifestou a súa vontade de alcanzar acordos cos titulares dos bens e dereitos afectados polo proxecto do parque eólico modificado. No caso de que non se chegase a un acordo entre o promotor eólico e os afectados durante o procedemento expropiador, fixaranse as compensacións correspondentes de acordo coa lexislación aplicable.

3. En relación coa titularidade e características dos bens e dereitos afectados, tomouse razón de todas as manifestacións e documentos presentados polas persoas interesadas e corresponde á fase de levantamento de actas previas, dentro do eventual procedemento expropiador, a determinación efectiva da titularidade dos bens e dereitos afectados e das súas características (localización, extensión, tipo de aproveitamento,...), así como das afeccións reais do proxecto sobre eles.

De acordo con todo o que antecede, e no exercicio das competencias que ten atribuídas, o Consello da Xunta de Galicia adopta o seguinte **ACORDO**

Primeiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, das instalacións do proxecto do parque eólico, segundo o previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (BOE nº 351, do 17 de decembro).

Segundo. Declarar a prevalencia da utilidade pública do parque eólico modificado sobre o interese xeral dos aproveitamentos forestais afectados, en conformidade co informe da Dirección Xeral de Ordenación Forestal do 23.03.2018.

Este acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Anexo

1. Alegacións presentadas durante o período de información pública indicado no antecedente de feito sétimo:

Cayetano Maside Pérez, o 10.03.2017; M^a del Carmen Díaz Tallón, o 13.03.2017; Jesús Arias Pérez, no nome e representación da CMVMC Rapadas-Meda, o 14.03.2017; Amalia López Carballo, o 14.03.2017; Pedro López López, o 14.03.2017; Germán López Souto, o 14.03.2017; José Manuel Rodríguez Núñez, o 14.03.2017; Ramón Arias Sánchez, o 14.03.2017; Sandra Sobrado Bascuas, Juan Carlos Pérez Núñez, Sara Poy Arias, Manuela García Cordero, José López Iglesias, Pilar Tallón López, Juan Luis Viñas Landín, M^a Carmen Díaz Tallón, Concepción Díaz Tallón, M^a Pilar Díaz Tallón, Celia Díaz Regueiro, Manuel Valín Fernández, Benigno Maside Arias, o 27.03.2017; Juan Luis Viñas Landín, o 31.03.2017; Manuel Vázquez Díaz, o 03.04.2017; José Lago Castro, o 03.04.2017;

Manuel Díaz Alfonso, o 03.04.2017; Manuel Díaz Alfonso, no nome e representación da CMVMC Santa María do Monte, o 03.04.2017; Luis Pereira Gago, no nome e representación da CMVMC San Pedro de Ermo, o 03.04.2017; Manuel Lago Torre, o 10.04.2017; Cayetano Maside Pérez, o 11.04.2017; Milagros Bruzos Pérez, o 11.07.2017.

R. 1310

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 27 de abril de 2018 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Carballedo. (expediente IN407A 2017/79-8551-AT)

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se describe:

- Solicitante: Gas Natural Fenosa Generación S.L.U.
- Domicilio Social: A Batundeira, 2, 1º andar, 32960 Ourense
- Denominación: liña soterrada de media tensión 20 kv servizos auxiliares central hidroeléctrica Os Peares
- Situación: concello de Carballedo
- Características técnicas:

1. Liña de media tensión soterrada a 20 kV, cun tramo inicial de 573 m en condutor tipo RHZ1-OL e un tramo final de 30 m en condutor tipo RHVS, con orixe na subestación Peares e final na cela de liña existente que alimenta o transformador de servizos auxiliares da central hidroeléctrica Os Peares.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE núm. 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e na resolución do 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 do 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan dos Decretos 129/2015, do 8 de outubro (DOG núm. 194, do 9 de outubro) e 175/2015, do 3 de decembro (DOG núm. 232, do 4 de decembro) polos que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e tendo en conta o Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción das ditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no seu proxecto e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial e outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución cabe interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que xulgue pertinente ao seu dereito.

Lugo, 27 de abril de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 1255

CONCELLOS

COSPEITO

Anuncio

Aprobada inicialmente a alteración da cualificación xurídica do camiño público que comunica a Avenida Virxe do Monte coa Rúa Daniel Castelao, pasando de ben de dominio público a ben patrimonial por Acordo do Pleno Municipal da Entidade Local de data 21/05/18, de conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo

prazodun mesa contar desde o día seguinte de publicación do presente anuncio neste *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [*dirección <http://concellodecospeito.sedelectronica.es/info.0>*].

Cospeito, 22 de Maio de 2018.- O Alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 1440

Anuncio

O Pleno do Concello de Cospeito, en sesión ordinaria celebrada o día 3 de maio de 2018, aprobou definitivamente a **MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS: IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE COSPEITO; ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO CONCELLO DE COSPEITO, E ORDENANZA FISCAL DE CONSTRUCCIÓN, INTALACION E OBRAS DO CONCELLO DE COSPEITO**, cuxos textos íntegros se fan públicos para o xeral coñecemento en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local:

ANEXO I. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTOS SOBRE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE COSPEITO.

Artigo 1º. Natureza e fundamento.

1. O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real establecido con carácter obrigatorio na Lei reguladora das Facendas Locais (texto refundido aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo) e regulado de conformidade co establecido nos seus artigos 60 a 77 ambos inclusive.

2. O Concello de Cospeito, de conformidade cos citados artigos, co número 2 do artigo 15, e o apartado s) do número 1 do artigo 59 do referido texto refundido, fai uso das facultades que lle confire o mesmo, en orde a fixación dos elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias do Imposto sobre Bens Inmobles, a exacción das cales rexerese ademais polo disposto na presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º. Exencións.

En aplicación do artigo 60.4. do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e en razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recaudatoria do tributo quedarán exentos de tributación no imposto os recibos e liquidacións correspondente a bens inmobles rústicos cuxa coita líquida agrupada correspondente aos bens dun mesmo suxeito pasivo sitos no termo municipal sexa inferior a 6,00 €.

Artigo 3º. Bonificación.

Establécense a seguinte bonificación:

a) Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego, cos seguintes tramos:

1º.—Do 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.

2º.—Do 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo

3º.—Do 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

A bonificación deberá ser solicitada polos interesados e presentar a seguinte documentación:

1) Escrito de solicitude

2) Certificación catastral do inmovle

3) Documentación sobre as Licencias de obras, 1ª ocupación e de actividade

4) Documentación de alta no imposto sobre actividades económicas

5) Documentación que xustique a creación de emprego

Artigo 4º. Tipo de gravame e cota.

En aplicación do establecido no artigo 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame será:

1. Para os bens inmobles urbanos.....0,53 por 100
2. Para os bens inmobles rústicos.....0,66 por 100
3. Para os bens inmobles de características especiais.....0,60 por 100

Artigo 5º. Modificación normativa.

A ordenanza fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 300 do 31 de decembro de 2015, queda modificada polo presente texto regulador, a partir da súa entrada en vigor.

Artigo 6º. Data de aprobación e vixencia.

A presente ordenanza aprobada por acordo do Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o 3 de maio de 2018 entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO II. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTOS SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO CONCELLO DE COSPEITO.

Artigo 1º. Fundamento.

De conformidade co previsto no artigo 87 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o coeficiente de situación de actividades económicas aplicable a este municipio queda fixado nos termos establecidos no artigo seguinte.

Artigo 2º. Clasificación de vías públicas.

Aos efectos previstos para a aplicación do coeficiente de situación do artigo seguinte, as vías públicas califícanse en dúas categorías fiscais:

1. Serán consideradas vías públicas clasificadas de 1ª categoría as rúas, avenidas, prazas e travesías das parroquias dos núcleos de poboacións de Feira do Monte e Muimenta.
2. Serán consideradas vías públicas clasificadas de 2ª categoría as rúas, avenidas, prazas, travesías e lugares do resto de núcleos poboacionais do termo municipal de Cospeito.

Artigo 3º. Coeficientes de situación.

Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 86 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e segundo a categoría fiscal da vía pública onde radique a actividade económica, establécense os seguintes coeficientes de situación:

Índices aplicables	Categoría fiscal das vías públicas	
	Categoría 1ª	Categoría 2ª
	1,35	1,25

Artigo 4º. Bonificación

Sobre a cota tributaria do Imposto aplicarase, en todo caso, a seguinte bonificación:

a) Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 88.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego, cos seguintes tramos:

- 1º.—Do 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- 2º.—Do 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- 3º.—Do 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

A bonificación deberá ser solicitada polos interesados e presentar a seguinte documentación:

- 1) Escrito de solicitude
- 2) Certificación catastral do inmoble
- 3) Documentación sobre as licencias de obras, 1ª ocupación e de actividade
- 4) Documentación de alta no imposto sobre actividades económicas
- 5) Documentación que xustique a creación de emprego

Artigo 5º.Modificación normativa.

A ordenanza fiscal do Imposto sobre Actividades Económicas publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 299 do 31 de decembro de 2012, queda, modificada polo presente texto regulador a partir da súa entrada en vigor.

Disposición adicional.

Aos efectos da aplicación do establecido no artigo 2º desta Ordenanza fiscal, quedan clasificadas de 1ª categoría as seguintes vías públicas do termo municipal de Cospeito (Lugo):

RELACIÓN DE RÚAS, AVENIDAS, PRAZAS E TRAVESÍAS CLASIFICADAS DE CATEGORÍA 1ª:

FEIRA DO MONTE	MUIMENTA
Avda. da Terra Chá	Avda. da Igrexa
Avda. Castro Riveras de Lea	Avda. de Vilalba
Avda. Virxe do Monte	Avda. de Pastoriza
Avda. Galicia	Avda. de Santa Mariña
Avda. Río Támoga	Avda. Villerma
Rúa Daniel Castelao	Avda. de Cospeito
Rúa Cervantes	Rúa Manuel Darriba
Rúa de Pío XII	Rúa Valmaior
Rúa de Rosalía de Castro	Rúa da Agra
Rúa de Valverde	Rúa Aquilino Iglesias
Rúa da Feira	Rúa Ramón Ferreiro
Praza Maior	Praza Maior
Praza Parque do Neno	Travesía Campo da Feira
Praza de España	Travesía avda. de Pastoriza
Travesía Curros Enríquez	Travesía avda. De Santa Mariña
Avda. da Cidade da Vería (Antes Avda. do Generalísimo)	Travesía rúa Valmaior
Rúa de Curros Enríquez	Polígono industrial
Rúa Trobador Rui López de Aguiar	Rúa Río Miño

Disposición final.

A presente ordenanza aprobada por acordo do Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o 3 de maio de 2018 entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata súa modifica ou derogación expresa.

ANEXO III. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS DO CONCELLO DE COSPEITO**ARTIGO 1. NORMATIVA APLICABLE.**

1. O Concello de Cospeito, de conformidade co número 1 do artigo 15, o apartado c) do número 2 do artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acórdase a imposición e ordenación no Concello de Cospeito do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
2. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras rexerá neste municipio:
 - a) Polas normas reguladoras do mesmo, contidas nos artigos 100 a 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que completen e desenvolvan devandita Lei.
 - b) Pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa:
 - a. A obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívose ou non devandita licenza o , sempre que a súa expedición corresponda ao concello da imposición.

- b. A comunicación previa de inicio de obras regulada no artigo 194.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia na redacción dada pola Lei 9/2013, do 19 de decembro.

ARTIGO 3. EXENCIÓNS.

Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades locais, que estando suxeita ao imposto, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo como de conservación.

ARTIGO 4. BONIFICACIÓN.

1. Establécese a seguinte bonificación:

